



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO.-

VISTO que Dona María del Carmen Gil Rodríguez, Secretaria do Xulgado de Paz de Friol, solicita as vacacións durante o mes de Agosto, é preciso dispor de persoal que a substitúa para atención ao servizo durante a duración do período de vacacións. Á vista do dereito da traballadora ás vacacións e non dispoñendo doutro persoal que poida atender ao Xulgado de Paz de Friol durante o período, sen merma na prestación dos servizos xerais, considerando que se trata dunha prestación de servizos considerada como prioritario e que afecta a un servizo público de carácter esencial, é preciso dispor dunha contratación temporal ao respecto.

VISTO que polo Concello de Friol, procedeuse á convocatoria para a provisión dunha praza de substitución da Secretaría do Xulgado de Paz de Friol, durante o período de vacacións, no mes de Agosto, de conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de 01 de Xullo do actual. A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 156 de 09 de Xullo do actual, así como no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>)

Visto o artigo 2 das bases, no que se establece os requisitos contemplados nas bases para ser admitido/a ao proceso selectivo, no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude, procederase a aprobar mediante resolución a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, podendo os excluídos/as reclamar contra a súa exclusión, ou proceder á corrección das deficiencias sinaladas nun prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes. Non obstante, por non concorrer causa que motive a exclusión de ningún dos aspirantes que presentaron as súas solicitudes, ao non ter que resolver reclamacións, procederase á aprobación e publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos/as, sen ningún excluídos/a, así como á designación nominal do Tribunal encargado da valoración das probas e dos méritos, designándose día, hora e lugar no que se reunirá o tribunal a efectos de valorar os méritos alegados presentados polos/as aspirantes e a realización das entrevistas persoais, así como o lugar, data e hora do comezo das probas. Todo elo, sen prexuízo, da posibilidade de rectificación de erros, de conformidade, co disposto na vixente lexislación de procedemento administrativo.

Á vista do anteriormente exposto, do disposto nas bases da convocatoria e da documentación e solicitudes presentadas e en uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local,

DECRETO:

- **PRIMEIRO:** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo e ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>)

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	N.I.F.
CASANOVA LABANDEIRA PATRICIA	XX.XX8.750-W
CASTRO SEREN MARIA	XX.XX2.084-Y
GONZALEZ SALUM LEILA SOLANGE	XX.XX9.905-V
RODRIGUEZ FERNANDEZ BEGOÑA	XX.XX3.475-V
VILLAR IGLESIAS MARIA CARMEN	XX.XX1.168-X

Ningún.

EXCLUÍDOS:





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- **SEGUNDO:** O encargado de valoración dos méritos e a entrevista persoal para a provisión da substitución da Secretaría do Xulgado de Paz de Friol a que se refiren as presentes bases estará composto por:
 - o Presidente: Don Jesús Morado López.
 - o Vogais: Don Fernando Teijeiro Poudereux, Dona María Belén Regueiro Vázquez e Dona Elisa Muñoz Álvarez.
 - o Secretario: Don Julio González Casanova.
- Actuará como suplente do Presidente, no seu caso, Don Antonio Lorenzo Morandeira e como suplente do Secretario A Dona María Jesús Blanco Prado. Como suplentes dos vogais, Dona Ana Sampedro Millares, Don Carlos Sánchez Pazos e Don Pablo Veiga-López Castelo.
- Actuará como asesor con voz pero sen voto, actuando como tal o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Friol, Don Alberto Herrán Calvo.
- A selección realizarase o vindeiro día vinte e nove de xullo do actual, na Casa Consistorial de Friol. O proceso de selección comezará ás dez horas e trinta minutos.

O que manda e asina en Friol na data sinalada á marxe reflectida

